



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES SOCIAIS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS - 2021/2022

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública pola que se oferta á cidadanía a participación e inscrición nas actividades sociais para a tempada 2021-2022, dende outubro de 2021 a maio de 2022, sempre que a situación sanitaria da Covid-19 o permita.

Nestas bases reguláanse os criterios que segue o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños para a inscrición e participación nas actividades que organiza atendendo ás necesidades específicas do propio concello e mantendo un programa tendo en conta as características das persoas destinatarias tanto no referente a idade como a outros aspectos específicos que inciden no desenrolo das actividades co obxectivo de promover a saúde física e mental, o benestar emocional, a independencia e a participación social.

Estas bases faranse públicas polas seguintes canles:

- No taboleiro electrónico da sede electrónica municipal:
<https://sede.cabana.gal/opencms/es/>
- No taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais.

Así mesmo, poderase obter información no teléfono do Concello de Cabana de Bergantiños 981754020.

2. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES SOCIAIS

1. Terán prioridade as persoas solicitantes que estean empadroadas no Concello de Cabana de Bergantiños no momento de presentación da solicitude. As persoas empadroadas en concellos limítrofes poderán inscribirse e optar as prazas, de ser o caso, que queden libres.
2. As persoas participantes nas actividades deberán ter a idade esixida nas condicións de cada actividade. Para estes efectos tomarase como consideración a idade cumprida a 31 de decembro de 2021.
3. A concesión da praza implica a asistencia a actividade. Un 40% de faltas sen xustificar bimestralmente significará a perda de praza na actividade.
4. Se a actividade non reúne o número mínimo de solicitudes de participantes previsto na programación municipal, o concello poderá acordar a supresión da actividade.
5. A presentación da solicitude de participación nas actividades supón aceptar as condicións establecidas para cada actividade, así como o estrito cumprimento do seu horario e das directrices e instrucións marcadas polo persoal técnico municipal e polo monitorado responsable.
6. As persoas participantes nas distintas actividades sociais están obrigadas ó bo uso e conservación dos espazos, medios ou material que utilicen.
7. As persoas con discapacidade poderán solicitar praza en calquera actividade social tendo en conta o seguinte:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- No formulario de solicitude de praza indicárase se a persoa é dependente e, de ser o caso, terá que presentar a declaración en relación a dependencia (anexo II). As persoas dependentes que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude.

En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.

- Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica da actividade na que está inscrita deberá achegar informe médico dirixido ao Departamento de Servizos Sociais na semana posterior ao momento da súa inscrición. No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida atoparse nalgunha destas circunstancias, o Departamento de Servizos Sociais poderá requirirle expresamente a achega de certificado médico ou documento equivalente.

8. As persoas que participan nas actividades:

- declaran que son certos os datos que aportan e fan constar que non padecen ningunha enfermidade que os incapacite para á práctica da actividade na que se inscriben.

- autorizan a toma de fotografías, gravacións de imaxes e rexistros de son e a poder difundilas a través dos medios de comunicación audiovisuais, redes sociais, xornais ou para súa utilización en folletos, outros soportes de promoción ou calquera tipo de documento que publique o concello. No caso contrario, teñen que indicar que non autorizan.

- aceptan que a organización resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunos.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán confidenciais e incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello. En calquera momento poderá exercitar o dereito de cancelar dita autorización no rexistro xeral do Concello.

3. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Data de presentación das solicitudes	Do 4 ao 8 de outubro de 2021 De 10:00 a 14:00 horas
Lugar de presentación das solicitudes	Inscrición no Rexistro Xeral do Concello Os impresos recollernase no departamento de servizos sociais ou na mesa de control de entrada
Inicio das actividades	A partir do 13 de outubro de 2021

A admisión das persoas participantes farase, cumpridos os requisitos, por rigurosa orde de chegada ata cubrir as prazas dispoñibles.

En caso de que alguna actividade supere a ratio de admitidos, elaborárase unha listaxe de agarda segundo a orde de inscrición. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo a orde numérica.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O número de prazas dispoñibles nas actividades determinarase tendo en conta o establecido no momento de inicio da actividade nas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. ADMITIDOS/AS NAS ACTIVIDADES E LISTAXE DE AGARDA

Unha vez finalizado o prazo de inscrición o Departamneto de Servizos Sociais distribuirá tódolos grupos e horarios de cada actividade e, posteriormente, comunicaráselle telefónicamente as persoas admitidas concretando día e hora de comenzo da activiade na que participará.

A persoas solicitantes que se atopen en listaxe de agarda serán avisadas telefónicamente cando queden prazas vacantes. Despois de realizados dous intentos de chamada telefónica sen conseguir contactar con elas, perderase o dereito á praza.

5. CARNÉ MUNICIPAL

A renovación e pagamento do carné municipal realizarase no primeiro trimestre do ano 2022, nas oficinas municipais.

6. NORMAS DE PROTECCIÓN ANTE A COVID-19

Durante o desenvolvemento das actividades sociais manteranse as medidas hixiénicas e de prevención facilitadas polos organismos competentes que deberán seguir tanto participantes como monitores/as e cumpriranse as normas específicas que marquen os distintos protocolos de cada instalación.

As medidas mínimas que deberán manterse son:

- Máxima puntualidade na entrada e saída das actividades.
- Uso obrigatorio de máscara.
- Hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas. É importante que canda menos, esta hixiene de mans se realice a entrada e saída de cada actividade.
- Evitar o contacto físico e manter as distancias interpersoais.
- É obrigatorio levar o material propio, en ioga e ximnasia de mantemento, cada usuario/a deberá levar a súa esterilla de uso individual.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se iso non fose posible, procederase a desinfectar o material posteriormente.
- As bolsas, mochilas ou efectos persoais se deixarán nos espazos habilitados para este fin.
- As persoas participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte á COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada coa coronavirus, ou estivo en contacto con algúnha persoa que dese positivo, non acudirá e contactará co Departamento de Servizos Socias do Concello, na maior brevidade.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

7. ACTIVIDADES

LUGAR	ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
Centro de Maiores - Cesullas	IOGA	Martes e venres	9:30 – 10:30
			10:30 – 11:30
			11:30 – 12:30
	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Luns e mércores	19:45 – 20:45
OBRADOIRO DE MEMORIA	Xoves	17:00 – 18:30	
Local social de Anos	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Luns	17:30 – 18:30
	PILATES	Xoves	17:30 – 18:30
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Mércores	17:00 – 18:30
Local social de Borneiro	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Luns	20:30 – 21:30
	PILATES	Mércores	20:30 – 21:30
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Martes	20:00 – 21:30
Local social de Corcoesto	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Martes	20:30 – 21:30
	PILATES	Xoves	20:30 – 21:30
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Mércores	19:00 – 20:30
Local social de Cundíns	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Martes	17:30 – 18:30
	PILATES	Mércores	19:00 – 20:00
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Luns	17:00 – 18:30
Centro Íntegro - Nantón	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Martes	19:00 – 20:00
	PILATES	Xoves	19:00 – 20:00
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Luns	19:00 – 20:30
Local social de Riobó	XIMNASIA DE MANTEMENTO	Luns	19:00 – 20:00
	PILATES	Mércores	17:30 – 18:30
	OBRADOIRO DE MEMORIA	Martes	17:30 – 19:00

IOGA: actividade dirixida a maiores de 18 anos.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

XIMNASIA DE MANTEMENTO, PILATES E OBRADORIO DE MEMORIA: actividades dirixidas a maiores de 55 anos.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PRAZA ACTIVIDADES SOCIAIS 2021/2022			
DATOS DO/A SOLICITANTE			
NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	DATA DE NACEMENTO	
EMPADROADO/A NO CONCELLO DE CABANA SI NON		DEPENDENCIA SI NON	
ACTIVIDADES SOLICITADAS (indique quenda ou lugar segundo o caso)			
IOGA	XIMNASIA DE MANTEMENTO	PILATES	OBRADORIO DE MEMORIA
Quenda:	Lugar:	Lugar:	Lugar:
OBSERVACIÓNS			
<p>1. Declaro que son certos os datos aportados e fago constar que non padezo ninguna enfermidade que me incapacite para a práctica das actividades nas que me inscribo. No caso de detectarse falsidade o/a abaixo asinante causará baixa automaticamente na actividade na que esté inscrito/a.</p> <p>2. Autorizo a toma de fotografías, gravacións de imaxes e rexistros de son e a poder difundilas a través dos medios de comunicación audiovisuais, redes sociais, xornais ou para súa utilización en folletos, outros soportes de promoción ou calquera tipo de documento que publique o concello. No caso contrario sinalo o recadro que segue: <input type="checkbox"/> non autorizo.</p> <p>3. Acepto que o Concello de Cabana de Bergantiños, resérvese o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunas.</p>			
COVID-19			
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE			



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Declaro que non estou diagnosticado/a de Covid-19, non presento sintomatoloxía asociada a este virus nin a presenteí nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha outra enfermidade infecto-contaxiosa.

Declaro que non convivo con ninguén afectado pola Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartin espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES (marcar no caso de ser ou convir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos / persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores).

Sendo persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corro así como as persoas vulnerables coas que convivo.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida neste documento, son consciente dos riscos que implica, para min e para as persoas que conviven conmigo, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña responsabilidade.

Dacordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámoslle de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder desenvolver estas actividades. Devanditos datos serán tratados de maneira confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.

Cabana de Bergantiños, _____ de outubro de 2021

Sinatura

MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN

- Máxima puntualidade na entrada e saída das actividades.
- Uso obrigatorio de máscara.
- Hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas. É importante que canda menos, esta hixiene de mans se realice a entrada e saída de cada actividade.
- Evitar o contacto físico e manter as distancias interpersoais.
- É obrigatorio levar o material propio, en ioga e ximnasia de mantemento, cada usuario/a deberá levar a súa esterilla de uso individual.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se iso non fose posible, procederase a desinfectar o material posteriormente.

- As bolsas, mochilas ou efectos persoais se deixarán nos espazos habilitados para este fin.

O Concello de Cabana de Bergantiños, resérvase o dereito de efectuar as modificación de instalacións e horarios que considere oportunas.

ANEXO II

DEPENDENCIA

DATOS DO ALUMNO/A			
APELIDOS		NOME	
DNI	DATA DE NACEMENTO	EMAIL	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
TELÉFONOS		EMPADROADO/A CABANA	
		SI	NON
DISCAPACIDADE (TIPO)	GRAO	DEPENDENTE	
		SI	NON

DATOS DO TITOR/A (so en caso de dependencia)		
APELIDOS		NOME
DNI	DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO

PERSOA DE CONTACTO	
APELIDOS	NOME
TELÉFONOS	EMAIL

Cabana de Bergantiños, _____ de _____ de 2021

Sinatura do/a titor/a